

# PROGRAMA DE ACOLLIDA

## IES FERROL VELLO

IES FERROL VELLO Código: 15025566

C/ Alonso López s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

Teléfono: 881930291 Email: [ies.ferrol.vello@edu.xunta.gal](mailto:ies.ferrol.vello@edu.xunta.gal)

Este documento está elaborado en base ás Instruccións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborará un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia digital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e presentao á comunidade educativa na data abajo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

Data de presentación ao Consello Escolar:

Data de aprobación polo Consello Escolar:

## ÍNDICE

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seudesenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

### **1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do instituto.

Tema Modificación

#### NORMAS DE FUNCIONAMENTO INTERNO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Consello Escolar

As reunións realizaranse de xeito telemático empregando a plataforma que habilite a Consellería e, se a evolución da situación epidemiolóxica o permite, serán de carácter presencial. O espazo de reunión trasládase á biblioteca ou sala de profesorers.

Claustro

As reunións serán presenciais sempre que as circunstancias o permitan, e celebraranse por medios telemáticos cando a situación epidemiolóxica así o aconselle, empregando para elo a plataforma que habilite a Consellería. O espazo de reunión pasa a ser a biblioteca.

#### PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO

Entrevista persoal áfamilia

Non se realizará de xeito presencial.

Período de adaptación Ver documento Período de Adaptación.

#### ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

## **Control de asistencia**

Engádese ao rexistro en XADE, un control de alumnado, profesorado e PAS sospeitoso de Covid-19.

## **Titorías**

Utilizarse, sempre que sexa posible, a reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña quesar presencial, garantiranse as medidas de seguridade e seguiranse as normas establecidas.

### **Horario escalonado de entrada:**

- 2º e 4º de ESO: 8:55 horas.
- 1º e 2º de ESO: 9:00 horas

### **Horario de saída**

- 2º e 4º de ESO 14:25 horas
- 1º e 2º de ESO: 14:30 horas

### **Distribución horaria**

(Tempo de lecer)

A metade do alumnado permanecerá un recreo na aula (semre con profesor de garda) e a outra metade no patio, alternándose a orde dos recreos semanalmente como indica o cadro:

## GARDAS RECREO AULAS

	S. P.	S. L.	LUNS	S. P.	S. L.	MARTES	S. P.	S. L.	MÉRC.	S. P.	S. L.	XOVES	S. P.	S. L.	VENRES
<b>Iº</b>	1º A	2º A	BEA	1º A	2º A	JUAN J.	1º A	2º A	YARA	1º A	2º A	ANA C.	1º A	2º A	YARA
<b>R</b>	1º B	2º B	FRANCISCO	1º B	2º B	SILVIA	1º B	2º B	JUANI	1º B	2º B	ANDRÉS	1º B	2º B	CARMEN
<b>E</b>			SOLEDAD												
<b>C</b>	3º A	4º A	ERUNDINA	3º A	4º A	BELI	3º A	4º A	SOLE	3º A	4º A	CARMEN	3º A	4º A	ANA C.
<b>R</b>	3º B	4º B	ÁLVARO	3º B	4º B	GLORIA	3º B	4º B	AMPARO	3º B	4º B	JORGE	3º B	4º B	JUANI
<b>E</b>	3º C	4º C		3º C	4º C	FRANCISCO	3º C	4º C	ÁLVARO	3º C	4º C	BELI	3º C	4º C	MIGUEL
<b>O</b>															
	S. P.	S. L.	LUNS	S. P.	S. L.	MARTES	S. P.	S. L.	MÉRC.	S. P.	S. L.	XOVES	S. P.	S. L.	VENRES
<b>2º</b>	2º A														
<b>R</b>	2º B	1º A	ANDRÉS	2º A	1º A	BELI	2º A	1º A	JUAN J.	2º A	1º A	BELI	2º A	1º A	ERUNDINA
<b>E</b>		1º B	GLORIA	2º B	1º B	JORGE	2º B	1º B	YARA	2º B	1º B	FRANC.	2º B	1º B	FRANCISCO
<b>C</b>	4º A											BEA			
<b>R</b>	4º B	3º A	PABLO	4º A	3º A	BELÉN	4º A	3º A	MERCÉ	4º A	3º A	PABLO	4º A	3º A	AMPARO
<b>E</b>	4º C	3º B	BELÉN	4º B	3º B	PABLO	4º B	3º B	CARMEN	4º B	3º B	CARMEN	4º B	3º B	MIGUEL
<b>O</b>		3º C	YARA	4º C	3º C	MERCEDES	4º C	3º C	PABLO	4º C	3º C		4º C	3º C	SILVIA

**S. P. = SEMANA PAR**

### Horario de biblioteca

Aínda que a biblioteca utilizarase como aula de asignaturas optativas, permanecerá aberta nos recreos e todas as horas posibles para o uso da comunidade.

Horario de actividades complementarias e extraescolares.

Haberá as mínimas actividades para o alumnado durante o curso 2020-2021.

Uso das instalación:

- Hixiene de mans.
- Emprego de máscara.
- Distancia social.
- Respecto do aforo.

Equipamento:

- Dotación de xel hidro alcohólico, papeleiras de pedal e panos desbotables en aulas e espazos de uso común.
- Os equipos EDIXGAL estarán asignados a cada alumna e alumno, sendo o seu uso de carácter individual.

ENTRADAS E SAÍDAS:

O alumnado de 1º e 2º de ESO entrarán e sairán pola porta principal.

O alumnado de 3º e 4º de ESO entrarán e sairán pola do fondo, pola do fondo, frente á cafetería.

PROCEDEMENTOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO

Procedemento para a atención do alumnado indisposto

Cando se trate dunha indisposición compatible co covid-19 activarase o procedemento establecido no protocolo de adaptación.

Atención a alumnado en caso de ausencia do profesorado:

Cubrirase co profesorado de garda.

Informacións xerais

Ademais de AbalarMobil, empregarase a páxina web.

Titoría

Realizaranse empregando medios telemáticos: teléfono ou videoconferencia.

Se a evolución da pandemia o permitira, ou as circunstancias así o aconsellan, poderían ser presenciais seguindo as medidas establecidas no centro de hixiene e seguridade.

## COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNNS E ENTIDADES DO ENTORNO

### Servizos Sociais

Realizaranse empregando medios telemáticos: teléfono ou videoconferencia.

Se a evolución da pandemia o permitira, ou as circunstancias así o aconsellan, poderían ser presenciais seguindo as medidas establecidas no centro de hixiene e seguridade.

### COORDINACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS

Visita do alumnado ao dos centros adscritos:

Non se desenvolverá se a evolución da pandemia así o aconsella.

### EQUIPAMENTO E RECURSOS DO CENTRO

Normas xerais:

- As familias non accederán ao recinto escolar nas entradas, agás naqueles casos que dende o equipo docente se contemple: alumnado NEE ou alumnado de nova incorporación. En ambos casos poderán chegar ata a porta de entrada ao colexio.
- Nas saídas esperarán fora do centro.
- Emprego da máscara para acceder ao centro e para desprazarse polos espazos comúns e patio,
- Respectar o distanciamento social.
- Realización de medidas de hixiene.
- Aforo limitado a unha persoa nos baños.
- Aforo limitado na sala do profesorado
- Aforo limitado na biblioteca, espazo habilitado como aula: máximo 20 persoas.

Normas de aula:

- Evitar os desprazamentos.
- Respectar as distancias de seguridade.
- Material de uso individual, e poderase emplegar material compartido seguindo as indicacións docentes.
- Usar os percheiros de xeito individual e extremando as precaucións.

- Ventilación habitual ao longo da mañá

## 2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN. PREVENCIÓN:

- Creación do Equipo Covid, que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.

- Espazo de illamento Covid: o alumnado que presente síntomas compatibles co Covid será levado ao departamento de F/Q e Bioloxía.

- O alumnado estará acompañado porlo profesor de garda.

Abrirase a ventá deste espazo mentres a persoa está nese lugar, que contará con:

☒ Máscaras cirúrxicas ou hixiénicas para adultos e infantís.

☒ Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico.

☒ Solución hidroalcohólica.

☒ Panos individuais desbotables.

- Explicación nas titorías das medidas recollidas nos diferentes puntos do plan de adaptación: medidas de protección, espazo de illamento, xestión dos abrochos, espazos de uso compartido, etc.

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

☒ Diseminar as entradas e saídas do alumnado.

☒ Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.

☒ Establecer quendas de recreo.

☒ Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.

☒ Regular o acceso aos aseos.

- Distancia social:

☒ Distribuir as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.

☒ Evitar situacíóns de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

☒ O profesorado debe comprometerse a fazer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid (Anexo I do protocolo: Enquisa deautoavalación clínica do covid).

☒ As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexo se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

- Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual (Anexo I do protocolo: Enquisa de autoavalación clínica do covid).

Hixiene xeral do centro:

- ☒ Reforzar o servizo de limpeza.
- ☒ Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces pola mañá.
- ☒ Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- ☒ Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- ☒ Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

Hixiene persoal:

- ☒ Facer varias limpezas e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- ☒ Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- ☒ Aprender a manipular correctamente as máscaras.

Rutinas de responsabilidade individual:

Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaersobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.

Limpeza de elementos propios de traballo: é moi saudable interiorizar a limpeza dos elementos de emprego persoal (mesa de traballo, bolígrafo...) de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.

Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas.

Resultaría inadmisible que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- ☒ Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
- ☒ Xabón: nos aseos.
- ☒ Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- ☒ Solución desinfectante: nas aulas

#### PROTECCIÓN:

- Uso de máscara:

- ☒ Uso obligatorio para todo o profesorado.
- ☒ Uso obligatorio para todo o alumnado nos recreos ao aire libre.
- ☒ Uso obligatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas e nos espazos comúns.

- Pantallas:

- ☒ Para aquellas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- ☒ Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).

- Mamparas:

- ☒ Nas aulas de PT e AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

#### 3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

O equipo docente formarase naquelhas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como naqueles aspectos das aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

En xeral, o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar a aula virtual; en calquera caso volveranse a facilitar as guías que se emplegaron durante o curso 2019-2020, tanto da Consellería como de elaboración propia.

Coa fin de mellorar os coñecementos das familia e do alumnado sobre a aula virtual organizarase unha formación que garanta uns mínimos que permitan manexar o recurso no caso de que algún nivel educativo ou etapa teña que facer uso do mesmo ao longo do curso 2020/2021.

A formación básica que o alumnado (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- ☒ Acceso á aula virtual ou a EVA – Edixgal (no caso de 1º e 2º de ESO).
- ☒ Envío de tarefas a través da aula virtual e a axenda virtual (3º e 4º de ESO)
- ☒ Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual e de EVA.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- ☒ Aplicación AbalarMóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- ☒ Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ies.ferrol.vello@edu.xunta.gal
- ☒ Teléfono: comunicación directa e inmediata.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos profesores especialistas e o equipo docente de TICs.

#### 4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, tamén ao instituto. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte da nosa cara.

Tanto para o profesorado como para o alumnado supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

Atendendo ás instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación

Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento actual.

A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación áinda sen ter cometido actos imprudentes.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamiento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no centro.

A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao instituto. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumplir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.